

## Día de proveito no Foro de Emprego

- *“Non deixes en mans dos demais o teu futuro profesional”*, Xino Salas
- Importancia do entorno 2.0 no mundo no que vivimos, comunicarnos e relacionarnos algo do que aproveitarnos.

Santiago de Compostela, 24 de abril de 2014

Este xoves, 24 de abril, os dous grupos de “Aval Xóvenes”, Melide e Coristanco, trasladáronse ata Santiago para co fin de acudir ó Foro da Intermediación e o Emprego; que se celebra os días 24 e 25 de abril no Pazo de Congresos e Exposicións de Galicia. Este foro é unha iniciativa da Axencia Local de Colocación, Concellería de Economía, Emprego, Comercio e Turismo do Concello de Santiago de Compostela que ten como obxectivos principais dinamizar o mercado laboral, favorecer a mellora das competencias e cualificacións profesionais dos demandastes de emprego, informar sobre recursos e ferramentas para a busca de emprego, e por último, servir de punto de encontro entre as empresas e os participantes.

Ó longo de toda a xornada, os mozos de “Aval Xóvenes” puideron participar en diferentes actividades, presentacións con empresas e relatorios. Entre as actividades que máis lles gustaron atópanse a simulación dun proceso selectivo; onde coñeceron de primeira man como é un proceso de selección de persoal, cales son as claves de unha entrevista persoal, como se desenvolve unha dinámica de grupo e ata cales son os beneficios dun video-curriculum. Ademais mostraron gran interese pola xornada de “Cómo destacar sobre a multitude”, onde de man de Andrés Pérez Ortega, gran experto en marca persoal, puideron coñecer os aspectos a destacar a nivel persoal, como diferenciarse ou como ofrecer algo máis tanto para búsqueda de emprego como para a hora de constituír unha empresa.

Unha das frases que máis calou entre os participantes foi “No dejes en mano de los demás tu futuro profesional” de José Joaquín Salas (Xino Salas), Consultor e Formador en Social Media e RRHH, que mostrou a importancia de aportar algo a maiores (emoción, sentimentos, identidade...) algo que nos faga únicos. Todo isto sen esquecer as redes sociais, internet... posto que hoxe movémonos nun entorno 2.0 é utilizar estas ferramentas serve para comunicarnos e facer unha rede de contactos da que nos debemos aproveitar. Non estar neste entorno supón quedarse atrás.

A través destas xornadas os mozos descubriron todo un mundo no que mellorar e prepararse no camiño de conseguir un emprego, un dos obxectivos do programa “Aval Xóvenes”. Tiveron tamén a oportunidade de estar en contacto con empresas de ámbito internacional como IKEA, CARREFOUR ou CITROEN – PEUGEOT; así

como empresas de ámbito local como LIMPIEZAS SALGADO ou NAILS CORUÑA onde lles mostraron a súa filosofía de empresa, boas prácticas e o perfil de candidatos que buscan.

En definitiva un día de proveito para os nosos moz@s onde puideron coñecer de preto os procesos de selección de diferentes empresas e o *know how* para poder trasladalo ós seus proxectos.